Letras Galegas 2018

# ADIANTE



Maria Victoria Moreno

Ata o ano que vén lectores e lectoras....

## XORNAL
## C.R.A. DE NARÓN




Equipos de Dinamización da Lingua Galega

*Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística*

Nº-30-2018

# INDICE

1. Mulleres científicas
2. Os inventos
3. Experimentos
4. Van Gogh
5. Letras Galegas 2018
6. Contos e poesías arredor da pintura
7. Leandro Lamas e Xaquín Marín
8. Saídas escolares e excursións
9. Pasatempos

# EDITORIAL

O contido deste xornal reflexa o coñecemento que fomos adquirindo sobre a nosa historia en todos os ámbitos: científico, cultural, artístico e social.

Saber do noso pasado fainos entender mellor o presente e poder entrever o noso futuro: podemos ver cambios importantes no papel da muller na ciencia, na percepción do arte, no avance da tecnoloxía, na estrutura social,.....

Sendo conscientes destes cambios, nós, como parte do futuro, deberiamos participar de forma construtiva na progresión da nosa sociedade.

Esperamos que vos guste!!!

# Científicas que cambiaron a historia







A historia está repleta de mulleres que foron clave no avance da ciencia e na evolución do mundo.

O seu recoñecemento estivo na sombra durante anos.









DOMIRÓN 5 ANOS

científicas agochadas pola historia



Une e relaciona:







Zoologa coñecida pola súa labor científica cos gorilas



Marie Curie



Filosofa e mestra que destacou en astronomía e matemáticas



Hipatia



Primeira muller en recibir o premio nobel





Dian Fosey





# o papel da muller na historia da ciencia.












¡Defiende tu derecho a pensar porque incluso pensar de manera errónea es mejor que no pensar!!





Primeira programadora da historia. Ada Lovelace

# HIPATIA DE ALEJANDRIA

NACEU NO 370



FOI EDUCADA NA CIENCIA



MATEMÁTICA E ASTRÓNOMA



TAMEN ERA FILÓSOFA



IMPARTIU CLASES



INVENTOU O DENSIOMETRO
MELLOROU O ASTROLABIO



MATÁRONA NO -415-



MARIE CURIE
NACEU EN POLONIA
EN 1867
NON PODIA ESTUDIAR
ETIVO QUE IR A PARIZ

FOI MATEMATICA, FISICA...





CONECEU A PIERRE...
INVESTIGABAN XUNTOS

TRABALLOU NA TEORIA
DA RADIOACTIVIDADE






DESCUBRIU O RADIO
E O POLONIO



A PIERRE ATROPELLOUNO UN CARRUAXE



ELA SEGUIU COAS INVESTIGACIONS








CONCEDERONLLE DOUS PREMIOS NOBEL

INVENTOU UN MALETÍN PARA VER AS LESIONS DOS SOLDADOS NA GUERRA

MORREU EN 1934


KATHERINE JOHNSON
NACEU EN 1918 EN
ESTADOSUNIDOS
FOI CIENTIFICA
ESPACIAL
123
SEMPRECONTABA TODO
ENGREENBRIER
NON PODIA ESTUDIAR
POR SER NEGRA
E MUDARONSE
FOI MAESTRA
DERONLLE TRABALLO NA NASA
CALCULANDO ORBITAS



NON PODÍA USAR OS BAÑOS DOS BRANCOS




CALCULOU A TRAXECTORIA DO APOLO XI A LÚA



RECIBIU MOITOS PREMIOS E TEN 99 ANOS



CARMEN PEREZ DIE

NACEU EN 1953 MADRID

EXEXIPTÓLOGA E CONSERVADORA



DIRIHE O ESTUDIO DE RESTOS ARQUEOLOXICOS DE HERACLEOPOLIS MAGNA ATOPOU:









TEMPOLS, XEROGLIFICOS


... SARCOFAGOS
TESOUROS...
É A CONSERVADORA
XEFA DO MUSEO NACIONAL
DE ANTIGÜEDADES EXIPCIAS


ADA DE LOVELACE
ESPECIALIDADE MATEMATICA
LONDRES 1815 1852
INVENTOU A CALCULADORA
CONSIDERADA CIENTIFICA POETISA
1. PROGRAMADORA ORDENADORES.


ANGELES ALVARIÑO
NACEU EN FERROL 1916-2005
ESPECIALIDADE OCEANÓGRAFA
1ª MULLER NUN BUQUE
DESCUBREU
22 ESPECIES MARINAS



DYAN FOSSEY
NACEU EN EEUU 1932
ESPECIALIDADE ZOOLOGA
LOITOU CONTRA CAZADORES FURTIVOS
EVITOU A EXTINCION DOS GORILAS
FOI ASASINADA RUANDA 1985
DOMIRON 3 ANOS


EXPERIMENTOS

# COMO FACEMOS UN ARCO DA VELLA

INGREDIENTES:

- 1 BOLSA DE SKITLLES 
- AUGA 

PREPARACIÓN:

POÑEMOS OS SKITLLES NUN PRATO FORMANDO UN O ORDEADOS COMA AS CORES DO ARCO DA VELLA E BOTAR AUGA NO MEDIO E.... SORPRESA!



## E TI QUE PENSAS, OS OVOS FLOTAN?

INGREDIENTES:

- AUGA
- SAL
- OVOS
- 2 RECIPIENTES



## PREPARACIÓN

- ENCHER OS BOTES CON AUGA
- BOTAR 6 CULLERADAS DE SAL NUN DOS BOTES E MISTURAR BEN.
- POÑER 1 OVO EN CADA BOTE QUE PASARÁ?

# PÓDESE TROCAR UNHA FLOR BRANCA EN AZUL?

PRECISAMOS:

- FLOR
- TINTURA
- AUGA

SE BOTAMOS TINTURA NA AUGA

A FLOR ABSORBERÁ A AUGA AZUL POLO TALO E OS PÉTALOS TROCARÁN DE COR



ANTES



DESPOIS

# PODEMOS FACER ELECTRICIDADE?



## PRECISAMOS:

- GLOBO
- XERSEI
- CABELO





SE MOVES UN GLOBO CHEO DE AIRE CONTRA O XERSEI MOI RÁPIDO E DESPOIS O ACHEGAS O TEU CABELO.

# NUBES

INGREDIENTES:

- ESPUMA DE AFEITAR
- 1 VASO DE AUGA. (UN ANAQUIÑO POR RIBA DA MITADE)
- COLORANTE VEXETAL

PASOS:

1. POÑEMOS ESPUMA NA AUGA
2. BOTAMOS O COLORANTE NUN RECIPIENTE CON AUGA E REMEXEMOS
3. BOTAMOS UNHAS PINGAS DESTA AUGA SOBRE A NUBE. ASÍ PODEREMOS VER COMO CAE A CHOIVA DE CORES.





# TORNADO

PRECISAMOS:

- AUGA
- DETERXENTE DE LAVALOUZAS
- BOTELLA





ENCHEMOS UNHA BOTELLA DE AUGA E LLE BOTAMOS O DETERXENTE LIQUIDO E VEMOS QUE PASA SE O AXITAMOS

# VOLCAN

INGREDIENTES:

-BICARBONATO DE SODIO

.VINAGRE

.COLORANTE OU PINTURA

.DETERXENTE








1.COLOCAMOS UN PRATO COMO BASE DO VOLCÁN

2.POÑEMOS UNHA BOTELLA ENRIBA

3.BOTAMOS O BICARBONATO, UN CHISCO DE COLORANTE E 3 CULLERADAS DE DETERXENTE E VINAGRE AMODIÑO, ATA QUE VEXAMOS QUE COMEZA A SUBIR A LAVA

POMPAS DE XABÓN

INGREDIENTES:

2 CUNCAS DE AUGA

1 CUNCA DE FAIRY

1 CUNCA DE GLICERINA

MESTURAR TODO E A XOGAR.





VAL-INFANTIL

# OS INVENTOS

Este ano traballamos os inventos. Para iso tevemos que construir unha maquina do tempo

Viaxamos a traves dela e descubrimos nas diferentes etapas un montón de cousas

gustdoos ?



Sabías que.....

Na prehistoria inventouse

# LUME



grazas a el podíanse quentar, podían asar e tamen afastaban aos animais

# FERRAMENTAS

Servían principalmente para ir de casa



# ESCRITURA

Non se sabe a orixe, a proba mais antiga foi en mesopotamia



Estas foron os precursores, pero ao longo da historia hubo moitos inventos que foron de gran repercusion para a sociedade

CALENDARIO



seman para medir o tempo

IMPRENTA



BOMBILLA



INVENTADO POR

EDISOM

PENICILINA

INVENTADO POR



FLEMING

Telescopio



GALILEO GALILEI



INVENTADO POR

MAQUINA DE VAPOR

INVENTADO POR

JAMES WATT

ESCOLA SEDES

# UN ANACO DA VIDA DE




# VINCENT VAN GOGH

4º DE PRIMARIA


CAMILLE VIVÍA NUN LUGAR ONDE OS XIRASOLES PARECÍAN SOLES...
TEÑO QUE CHEGAR PRONTO. O TREN ESTÁ A CHEGAR!
TODOS OS DÍAS CAMILLE ATRAVESABA O CAMPO DE XIRASOLES PARA AXUDARLLE AO SEU PAI, QUE ERA CARTEIRO, A DESCARGAR AS SACAS DO CORREO.
OLA PAPÁ!
OLA FILLO!
CAMILLE AXUDA AO PAI A RECOLLER AS CARTAS...
MOI BEN, FILLO!
XA CASE AS TEÑO TODAS PAPÁ!


UN DÍA CHEGOU AO POBO UN HOME ESTRAÑO. TIÑA UN SOMBREIRO DE PALLA E UNHA BARBA AMARELA...
CAMILLE E O SEU PAI ESPERARON ABRAIADOS. FORON SAUDALO E DARLLE A BENVIDA
BENVIDO SEÑOR! SON O CARTEIRO.
MOITAS GRAZAS! EU SON VINCENT E SON PINTOR.
OLA SEÑOR! EU SON CAMILLE, VOU Á ESCOLA E NO MEU TEMPO LIBRE SON CARTEIRO TAMÉN.
EMPURRA FILLO! ESTO PESA MOITO
DACORDO PAPÁ!
CAMILLE TAMÉN LLE LEVOU UN BONITO RAMO DE XIRASOLES...
VINCENT FOI VIVIR Á CASA AMARELA DA RÚA ONDE VIVÍA CAMILLE. O SEU PAI DECIDIU QUE TIÑAN QUE AXUDALO E LEVÁRONLLE UNHA MOREA DE COUSAS.


ASÍ FOI COMO VINCENT CONSEGUIU A AMIZADE DA FAMILIA DE CAMILLE. E, POUCO TEMPO DESPOIS, PEDIULLES PERMISO PARA RETRATALOS A TODOS...
AO PAI
Á NAI
A SÚA IRMÁ PEQUENA
AO IRMÁN
E TAMÉN A CAMILLE!!
CAMILLE LEVOU O RETRATO Á ESCOLA PARA QUE TODOS O VIRAN, PERO...
MIRADE QUE RETRATO TAN FERMOSO!
JA,JA,JA...QUE FEO!
QUE MAL PINTA ESE AMIGO TEU!

TAMÉN OS ADULTOS COMEZARON A BURLARSE DE VINCENT.
CAMILLE ESTABA MOI TRISTE...







CAMILLE SOÑOU AQUELA NOITE, QUE VINCENT ESTABA NO MÁIS ALTO DO POBO, BAIXO A LUZ DA LÚA, PINTANDO AS ESTRELAS.



PERO A XENTE DO POBO SEGUÍA INSISTINDO PARA QUE SE MARCHARA.
E FORON Á CASA DO PAI DE CAMILLE.




CAMILLE FOI RÁPIDO AVISAR AO SEU AMIGO VINCENT.
AO ENTRAR VIU OS XIRASOLES QUE LLE REGALARA E AINDA SE PUXO MÁIS TRISTE. ESTABAN TODOS MURCHOS!
NO PISO SUPERIOR ESTABA VINCENT FACENDO A MALETA. PARECÍA CANSO, PERO SORRÍU.
NON TE POÑAS TRISTE CAMILLE! É HORA DE QUE PINTE NOUTRO SITIO. TAL VEZ ALÍ LLES GUSTEN OS MEUS CADROS. VEN! ANTES DE MARCHAR QUERO ENSINARCHE ALGO
ALÍ ESTABAN OS XIRASOLES MÁIS GRANDES E BRILLANTES QUE NUNCA!







O PAI DE CAMILLE TIÑA RAZÓN.
HOXE A XENTE DE TODO O MUNDO
VAI AOS MUSEOS PARA VER OS CADROS
*DA CASA AMARELA, OS XIRASOLES,*
*A NOITE ESTRELADA*...E OUTRAS MOITAS
OBRAS DE VINCENT VAN GOGH.



# LETRAS GALEGAS 2018

ESTE ANO A REAL ACADEMIA GALEGA ADÍCALLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS Á ESCRITORA E PROFESORA MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ, POLA DEFENSA QUE FIXO DO NOSO IDIOMA E POLOS LIBROS QUE ESCRIBIU.



***BIOGRAFÍA***

MARÍA VICTORIA NACEU EN VALENCIA DE ALCÁNTARA NA PROVINCIA DE CÁCERES O 1 DE MAIO DE 1939. ERA FILLA DE VICENTE, MILITAR, E SARA, MESTRA.



ESTUDOU O BACHARELATO EN BARCELONA E FILOLOXÍA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID



4º de PRIMARIA

AOS 22 ANOS TRASLADOUSE A GALICIA. CANDO CHEGOU AQUÍ, SABÍA UNHA CHEA DE IDIOMAS: CATALÁN, PORTUGUÉS, FRANCÉS, CASTELÁN..., PERO AO COÑECER A NOSA LINGUA DECIDIU FALAR GALEGO E DEFENDER O SEU USO, CONDO AÍNDA NON SE PODÍA ENSINAR NAS AULAS.



DE FEITO DEU CLASES DE GALEGO PARA ADULTOS.



DEU CLASES DE LINGUA ESPAÑOLA EN INSTITUTOS DE LUGO, SAN XENXO E PONTEVEDRA. NESTA ÚLTIMA CIDADE NO I.E.S."VALLE INCLÁN" E NO"TORRENTE BALLESTER."



## *AS SÚAS OBRAS*

ESCRIBIU MOITOS LIBROS EN GALEGO, PARA XÓVENES E NENOS.
A SÚA TRAXECTORIA LITERARIA COMEZOU COA EDICIÓN, EN 1973, DE **"MAR A DIANTE"**

NESTA OBRA LITERARIA CONTA A HISTORIA DUNHA MESTRA QUE PON ESCOLA NUN BARCO, "O ARROÁS" NO QUE SE EMBARCAN ONCE RAPACES E RAPAZAS DA VILA DE PORTOSOURIL.



**"O CATAVENTOS"** FOI PUBLICADA NO ANO 1989 CO CAL GAÑOU O 1º PREMIO DO CONCURSO NACIONAL DE CONTOS INFANTÍS DA SOCIEDADE "O FACHO" DA CORUÑA. CONTA A HISTORIA DE DON PÍO, UN GALO MOI FACHENDOSO, QUE NON PERMITE VIVIR EN LIBERDADE NIN AOS PAXARIÑOS,NIN ÁS GALIÑAS. ESTO ACABARÁ LEVÁNDOO A SOIDADE MÁIS ABSOLUTA.



"LEONARDO E OS FONTANEIROS". CON ESTA OBRA ACADOU O 3º PREMIO DO CONCURSO DE LITERATURA INFANTIL " O BARCO DE VAPOR" NO ANO 1985.



ESTE LIBRO ERA O SEU PREFERIDO .
CONTA AS FALCATRUADAS QUE FAI ANTÓN XUNTO COS SEUS COMPAÑEIROS.
ESTE GRUPO É COÑECIDO COMO OS FONTANEIROS.
O OUTRO PROTAGONISTA DA HISTORIA É, O SEU CAN DE PALLEIRO.




DENDE 1986 ATA O 2001 PUBLICOU UNHA CHEA DE LIBROS: "VERSO E PROSA", "A BRÉTEMA", "DIARIO DA LUZ E A SOMBRA", "GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO".



**"EU CONTO, TI CANTAS".**

ESTA OBRA CONTÉN TRES CONTOS DE ANIMAIS ESCRITOS EN VERSO:
"XA NON TEÑO MEDO",
"CAN BRANCO, CAN NEGRO"
E "UN CACHIÑO DE BICA?"
TEN COMO PROTAGONISTAS A XAN E TRES CANCIÑOS: NICOLAU, CORRECAMIÑOS E NICA.




**POESÍA**

*CORRECAMIÑOS NACEU*
*NA BEIRAVÍA DA ESTRADA*
*ONDE UN HOME MALO E FEO*
*BOTARA A CADELA BRANCA,*
*QUE LEVABA NA BARRIGA*
*SEIS CADELIÑOS DE NATA.*
*ERAN TODOS SEIS MOI BRANCOS,*
*MOI BONITIÑOS, E FOI MÁGOA*
*QUE NINGUÉN OS RECIBISE*
*E NINGUÉN LLES DESE CASA.*
*COUSAS TRISTES DESTA VIDA*
*QUE APESARAN CANDO PASAN...*
*MAIS TANTO A NAI COMA OS FILLOS*
*ERAN FELICES, XOGABAN*
*E, DENTRO DO QUE É SER POBRES,*
*NON LLES FALTABA DE NADA.*
*A NAI BUSCABA A COMIDA*
*E DÁBASE MOITA MAÑA*
*PARA AQUELAR OS CATIVOS*
*AO TEMPO QUE OS ALEITABA.*

NO ANO 2001 FOI HOMENAXEADA POR LIBREIRAS E LIBREIROS NA FEIRA DO LIBRO DE PONTEVEDRA, RECOÑECENDO ASÍ O SEU LABOR COMO ESCRITORA E DEFENSORA DO IDIOMA GALEGO.
















Pinturas rupestres, petroglifos, Leonardo Da Vinci, Botticelli, Kandinsky, Klimt, Picasso, Dalí, Frida Khalo, Maruxa Mallo, Leandro Lamas,...

Neste curso achegámonos á " Arte ao longo da Historia" aprendendo das distintas manifestacións artísticas desde a Prehistoria até a época actual.

Partindo dalgunhas obras pictóricas dos autores que fomos coñecendo, creamos **poesías e contos.**

**1° Primaria**

**O Val**







Os paxaros están cantando
o labrego está traballando
É mediodía.
Os paxaros voan moi alto
no alto fan un niño.
É mediodía.



O labrego coida o horto
o labrego coida o xardín
o labrego está canso
ten ganas de durmir.

As árbores dan froitos
as pitas comen na terra
cantan moi ledos os paxaros
cantan os galos na herba.







Un máis

A María gustanlle moito as flores e os animais. Ela ten unha galiña que se chama Carme e un pato que se chama Xoán.

De repente empezaron a botar en falta parte da súa comida. Entón deciden espiar que está pasando. E descobren que un fermoso gato é o culpable.

María entérase do que está pasando e mércalle un comedeiro ao gato.

E desde ese día vive con eles o gato Paco.



# Xiana e os animais

Erase unha vez unha rapaza que se chamaba Xiana que un día atopou un polo, unha oca e un gato no seu xardín. Os animais escaparan da granxa dun home que os trataba mal. Como a Xiana lle gustaban moito os animais lle dixo Xiana que se podían quedar.





## Rocío busca os seus animais

Había unha vez unha nena que se chamaba Rocío e vivía nun país máxico. Hai 10 anos que perdeu os seus amigos que eran un gato, un flamengo e unha galiña. Rocío buscaba e buscaba e non os atopaba polo bosque máxico, entón Rocío avisou as fadas que lle axudaran a buscalos
Atopáronos no país dos animais.

## A casa de Silvia

Érase unha vez unha rapaza chamada Silvia que tiña un gato que se chamaba Misifú. Un día Silvia levou para a casa un paxaro que lle puxo de nome Pepito.
Pero cando chegou a casa a Misifú non lle fixo moita graza e púxose a correr tras del.
Entón Silvia enoxouse e lles dixo que ou se facían amigos ou un deles iríase da casa
E ao final fixéronse amigos.





# O cabalo voador e os animais fantásticos

Había unha vez unha bolboreta que cumpría desexos, un polo que pintaba maxicamente un pato que dicía Kikiriki e un gato coma un camaleón. Plumita chámase a nena que era a súa dona, e vivían na aldea dos animais fantásticos. No ano catapún.

Un día apareceu na aldea un cabalo que voaba e non tiña ás. Cando o viron chegar quedaron abraiados. Todos foron ver o fermoso que era. Era de cor branca e tiña manchas negras e marróns. O cabalo pensou que a aldea era un bo sitio para vivir e ficou cos demais animais e a súa dona Plumita. Viviron todos xuntos e felices.


A nosa Mona lisa da moita risa!
Son unha rapaza moi fermosa.
Son a Gioconda, son marabillosa.


Pitoume no Renacemento un tal Da Vinci e quedou ben contenta
Vivo en París agora no Museo de Louvre visitame a calquera hora.

# ENTREVISTA A LEANDRO LAMAS

- *Cantos cadros fixeches en vinte anos?*

Nom sei calcular, pero máis de 500.

- *Por que che gusta tanto o teu traballo?*

Porque um lenzo em branco é mui tentador, porque podo escoitar música mentres pinto, porque as possivilidades som infinitas, porque grazas a este oficio fum atopando pessoas mui interessantes...

- *Cales son as túas cores preferidas?*

Todas. Desde as mais neutras ás mais cantosas.

- *Con cantos anos empezaches a pintar?*

Desde mui neno. Aínda que "profesionalmente" aló polo 1998. Com 24 anos máis ou menos.

- *Pintas moitas horas ao día?*

Cinco, mínimo.

- *Que carreiras estudaches?*

Um FP de delineante.

- *Canto tempo tardas en pintar un cadro?*

Depende. Os óleos levam máis tempo, tres días máis ou menos, tamém depende das dimensións... As aquarelas, a metade do tempo, aproximadamente.

- *Por que decidiches pintar sobre outras actividades?*

Porque era o que se me dava melhor.

- *Debuxas primeiro un borrador no papel ou directamente no lenzo?*

Sí, debuxo antes num papel para madurar a ideia.

- *Por que case sempre pintas persoas ou animais como protagonistas?*

Porque me interessa, sobre todo, a vida dos seres vivos.

- *Por que utilizas cores alegres?*

Para transmitir optimismo e turrar contra a realidade deste mundo tam gris. Para colocar o foco nas cousas bonitas, que algumhas aínda quedam.

Respectamos a ortografía galego-portuguesa do entrevistado. Preguntas realizadas polas/os alumnas/os de 3° de Primaria.



**Leandro Lamas Ermida** naceu en Narón en 1973. É un pintor, ilustrador, actor e director teatral galego.

En 1998 fixo a súa primeira exposición, na Galería Sargadelos (Ferrol). Desde entón dedica o seu tempo por completo á pintura.

Realizou portadas de discos, carteles, murais e ilustracións de libros, como en "Sapra neste furadiño", "Mamá, ti si que me entendes", "Eu tamén son forte", "Pompas de cores", "Poemas con piruletas", "Versos en flor", "A nena e o grilo nun barquiño"...

Leandro vive en Neda, alí pinta nunha casetiña de madeira ao lado da súa casa, como nos contou nunha entrevista publicada nº 25 da revista ADIANTE (2013).

ADAPTACIÓN DUNHA OBRA DE LEANDRO LAMAS.




NACÍN EN FERROL, EN 1943. MEU PAI ERA MESTRE. E NA SÚA ESCOLA DEBUXABA TODOS OS DÍAS. FOI UN BO EXERCICIO.
X.MARÍN
Se es un can de palleiro, xa podías ser Niebla, Pluto, Goofy...
Pois ti tamén poderías ser Batman, Spider-man ou Blackpanther
X.MARÍN
3º E.P.

# SAÍDAS ESCOLARES, EXCURSIÓNS E ACTIVIDADES DO NOSO COLE

2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA







# O sabor da aventura está no mar

O día 25 de Outubro fomos á lonxa. Ensinaronnos trampas de cangrescos e tamen ensináronnos os peixes. Despois fommos a ver as maquinas que pescaban os peixes. Tammen vimos como criaban os peixes no acuario. No acuario tamen vimos as estrelas de mar.

Logo fomos ao museo e vimos un timón e polo medio había unha tira de ouro. Tamén vimos arena negra e un esqueleto de peixe. De pronto fomos a comer: pizza, croquetas ealitas de pescado. E nos puxemos mandiles e gorros de plástico.

Ao acabar nos deron pegatinas e dous libros dos Arroases. Pasamolo moi ben.










# Excursión á Prehistoria

O 9 de Novembro fomos a Area recreativa de Pedroso,
fixemos un débuxo que se chama bisonte,
que é unha obra da Prehistoria e se atopaba
nunha cova. Para pintar utilizamos barro,
carboncillo... Tamen nesa mesma sala
fixemos unha vela natural. Fixemos tiro
con arco e nos embarramos todos. E meren-
damos na gran sala. Pasámolo
xenial. Antes de chegar o autobus
xogamos ao Zapatito quieto es e as
agochadas. Foi moi divertido.





# O museo da arte.

Foi o 21 de Novembro en Coruña.
Fomos todos os nenos/as no autobus e ao rato nos baixamos do autobus, e ao baixarnos fomos ao museo da arte do comic.

Fixemos unha Mona Lisa con pendentes relosxos e gomets... Despois a pintamos nesa mesma sala nos explicaron de quen eran a monalisa e os demais cadros. e despois fixemos un xogo que trataba sobre que encontraramos unhas caixas que agochaban pistas sobre os pintores: Dali, Leonardo da Vinci. Fomos tamen á torre de Hercules. Non subimos pero xogamos nas prazas antes de merendar. O pasamos moi ben.

toda primaria.









# ROMPAMOS BARREIRAS

O día 13 de Abril fixemos unha saida co cole, ao pavillón da Malata no día mundial do autismo. Deronnos uns papeis para rompelos para que haxa igualdade, tamen deronnos uns abanicos azuis Foron nenos/as de outros colexios e leron unha dedicatoria ao autismo.
Nos podiamos subir ao escenario a bailar. Despois os profes/as subiron aos escenarios despois dun rato tiraron unhas pelotas grandes que nos tivemos que pasar entre todos. Despois estivemos esperando ao autobus. Pasamolo xenial, acompañando aos nosos compañeiros.








# A PLANTACIÓN DA ESCOLA DO VAL

A escola do Val fomos a plantar árbores ao carón do centro medico. Fomos toda infantil e toda primaria. Tivemos que turnarnos para compartir as ferramentas e poñer a terra por riba das raíces. Plantamos vinte carballos e un teixo. Cando acabamos déronnos chuches e tamén aos profes.
Estabamos emocionados porque veu a alcaldesa Marian Ferreiro e os xardineiros do Concello de Narón.





# SUSANA SEIVANE VEN AO COLE!

O 25 de Maio virá ao cole Susana Seivane. Escribímoslle unha canción e fixemos debuxos dela. Esperemos que nos toque moitas cancións, esperemos pasalo moi ben e aprender moitas cousas da gaita. Estamos moi ilusionados porque unha famosa artista vená ao cole.

Xa vos contaremos en próximas edicións cómo foi a visita...







Para
o CRA de
Narón con todo
o meu agarimo.
Gracias pola vosa
hospitalidade e bo
facer!

Susana Seivane

25-5-2018

**Pirimpimpín**

Pirimpimpín,pirimpimpín
aquí estamos os/as do Val
para recibirte a tí(bis)

Todo o que da gaita sabees
temos ganas de aprenderee
vivamos este momento
o pirimpimpín
a bo fe que o imos faceree

Pirimpimpín,pirimpimpín
aquí estamos os/as do Val
para recibirte a tí(bis)

Cando soubemos que viñaas
moita ilusión nos fixoo
queremos verte tocaree
preparados todos xa
para poderte escoitaree



# Pasatempos

## Atopa as diferenzas



# SOPA DE LETRAS 1

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| c | a | m | d | r | a | h | o | a | m |
| b | o | m | b | i | ll | a | t | a | o |
| s | u | b | m | a | r | i | n | o | g |
| b | g | l | o | b | o | m | a | n | m |
| n | i | b | b | a | o | t | a | m | i |
| t | i | a | o | t | m | g | i | b | c |
| m | o | e | d | a | m | m | u | e | u |
| t | e | ll | l | b | i | s | i | o | m |








Submarino

moneda





globo

camara

bombilla


Axuda a bufiña a atopar a Maquina do tempo


Crucigrama
ESCOLA
PEDROSO